



ENTROIDO 2018

Bases do Concurso Infantil de Choqueiros

1. Poderán presentarse ao Concurso todos os nenos e nenas que se inscriban o mesmo día da súa realización, desde unha hora antes do seu inicio no lugar no que vai ter lugar (martes 13 de febreiro ás 17:00 horas no Campo da Leña, ou onde se determine pola organización se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar). Poderase participar nunha única modalidade: individual ou de grupo (máis de dous participantes), e non se permite a inscrición en ambas modalidades.

2. Os participantes deberán ser nenos e nenas nados despois do 31 de decembro de 2005.

3 .Outórganse os seguintes premios:

MODALIDADE INDIVIDUAL

Primeiro	Vale para Lote de libros de Literatura Infantil.
Segundo	Vale para Lote de libros de Literatura Infantil.
Terceiro	Vale para Lote de libros de Literatura Infantil.

MODALIDADE DE GRUPO:

Primeiro	Vale para Lote de libros de Literatura Infantil.
Segundo	Vale para Lote de libros de Literatura Infantil.
Terceiro	Vale para Lote de libros de Literatura Infantil.

4. Os premios entregaranse unha vez finalizado o pase de disfraces e o Xurado efectúe a correspondente deliberación. O Fallo do Xurado será inapelable.

5. A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases.